CA2.4 - Participar con actitude emprendedora na procura, contraste e avaliación de propostas para afrontar problemas ecosociais, buscar solucións e actuar para a súa resolución, a partir da análise crítica das causas e consecuencias da intervención humana na contorna.	Participa con actitude emprendedora para afrontar problemas ecosociais e buscar solucións.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Analizar os procesos xeográficos, históricos e culturais que conformaron a sociedade actual, valorando a diversidade etnocultural ou afectivo-sexual e a cohesión social, e mostrando empatía e respecto por outras culturas e a igualdade de xénero.	Valora a diversidade etnocultural ou afectivo-sexual amosando empatía e respecto por outras culturas.		
CA3.2 - Promover actitudes de igualdade de xénero e condutas non sexistas, analizando e contrastando diferentes modelos na nosa sociedade.	Fomenta a igualdade e valorar as condutas positivas, analizando diferentes modelos da nosa sociedade.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Fomento da curiosidade, da iniciativa, da constancia e do sentido da responsabilidade na realización das diferentes investigacións. - A ciencia, a tecnoloxía, a enxeñería e as matemáticas como actividades humanas. As profesións STEM na actualidade desde unha perspectiva de xénero. - Estratexias de recollida, almacenamento e representación de datos para facilitar a súa comprensión e análise. - O desenvolvemento sustentable. A actividade humana sobre o espazo e a explotación dos recursos. A actividade económica e a distribución da riqueza: desigualdade social e rexional no mundo e en España. Os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable. - Historia e cultura das minorías étnicas presentes no noso país: diversidade cultural e lingüística de Galicia. - A cultura de paz e non violencia. O pensamento crítico como ferramenta para a análise dos conflitos de intereses. O recoñecemento das vítimas da violencia. - A organización política. Principais entidades políticas e administrativas da contorna local, provincial e autonómica en Galicia. Sistemas de representación e de participación política. - A memoria democrática. Análise multicausal do proceso de construción da democracia en España. - Galicia. Principais institucións, valores e funcións. - Igualdade de xénero e condutas non sexistas. Crítica dos estereotipos e roles nos distintos ámbitos: académico, profesional, social e cultural. Accións para a igualdade efectiva entre mulleres e homes. - As fontes históricas: clasificación e utilización das distintas fontes (orais, escritas, patrimoniais). - O patrimonio natural e cultural como ben e recurso; o seu uso, coidado e conservación.

UD	Título da UD	Duración
5	Descubrimos a Idade Media	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Utilizar recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura e eficiente, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual, en equipo e en rede.	Usa os recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo.	PE	60
CA1.2 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas sobre o medio natural, social ou cultural, mostrando e mantendo a curiosidade.	Usa os recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo.		
CA1.4 - Realizar experimentos guiados, utilizando diferentes técnicas de indagación e modelos, empregando de forma segura os instrumentos e dispositivos apropiados, realizando observacións e medicións precisas e rexistrándoas correctamente.	Realiza experimentos, utilizando os instrumentos e dispositivos adecuados.		
CA3.3 - Resolver de forma pacífica e dialogada os conflitos, promovendo unha interacción respectuosa e equitativa a partir da linguaxe inclusiva e non violenta e explicando e exercitando as principais normas, dereitos, deberes e liberdades que forman parte da Constitución española e da de Unión Europea, e coñecendo a función que o Estado e as súas institucións desempeñan no mantemento da paz, a seguridade integral cidadá e o recoñecemento das vítimas da violencia.	Coñece a función que xogan o Estado e as súas institucións no mantemento da paz, a seguridade cidadá integral e o recoñecemento das vítimas da violencia.		
CA4.1 - Valorar, protexer e mostrar actitudes de conservación e mellora do patrimonio natural e cultural a través de propostas e accións que reflectan compromisos e condutas en favor da sustentabilidade.	Recoñece, protexer e respectar o patrimonio natural e cultural como un ben común.		
CA4.2 - Analizar relacións de causalidade, simultaneidade e sucesión entre diferentes elementos do medio social e cultural desde a Idade Media ata a actualidade, situando cronoloxicamente os feitos.	Utiliza nocións básicas de medida para ordenar cronoloxicamente os feitos.		
CA4.3 - Coñecer persoas, grupos sociais relevantes e formas de vida das sociedades desde a Idade Media ata a actualidade, incorporando a perspectiva de xénero, situándoas cronoloxicamente e identificando trazos significativos sociais en distintas épocas da historia.	Coñece e informar sobre formas de vida, persoas e grupos relevantes do pasado.		
CA1.3 - Buscar, seleccionar e contrastar información, de diferentes fontes seguras e fiables, usando os criterios de fiabilidade de fontes, adquirindo léxico científico básico, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural.	Selecciona información de distintas fontes seguras e fiables, adquirindo o vocabulario científico básico.	TI	40
CA2.1 - Identificar e analizar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural a través da indagación utilizando as ferramentas e procesos adecuados.	Analiza as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural.		
CA2.2 - Establecer conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural, mostrando comprensión das relacións que se establecen.	Establece relacións entre diferentes elementos da contorna natural, social e cultural.		

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Analizar os procesos xeográficos, históricos e culturais que conformaron a sociedade actual, valorando a diversidade etnocultural ou afectivo-sexual e a cohesión social, e mostrando empatía e respecto por outras culturas e a igualdade de xénero.	Valora os procesos xeográficos, históricos e culturais que configuraron a sociedade actual.		
CA3.2 - Promover actitudes de igualdade de xénero e condutas non sexistas, analizando e contrastando diferentes modelos na nosa sociedade.	Fomenta a igualdade e valorar as condutas positivas, analizando diferentes modelos da nosa sociedade.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Terminoloxía propia da área e vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - Fomento da curiosidade, da iniciativa, da constancia e do sentido da responsabilidade na realización das diferentes investigacións. - Dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo. A aula virtual. - Estratexias de recollida, almacenamento e representación de datos para facilitar a súa comprensión e análise. - O cambio climático do local ao global: causas e consecuencias. Medidas de mitigación e adaptación. - Estilos de vida sustentable: os límites do planeta e o esgotamento de recursos. - Historia e cultura das minorías étnicas presentes no noso país: diversidade cultural e lingüística de Galicia. - Igualdade de xénero e condutas non sexistas. Crítica dos estereotipos e roles nos distintos ámbitos: académico, profesional, social e cultural. Accións para a igualdade efectiva entre mulleres e homes. - O tempo histórico na Idade Media: o Camiño de Santiago, o Románico e o Gótico, duración e feitos históricos, papel representado por suxeitos históricos (individuais e colectivos), acontecementos e procesos. - As expresións artísticas e culturais medievais, modernas e contemporáneas en Galicia e a súa contextualización histórica desde unha perspectiva de xénero. A función da arte e a cultura no mundo actual. - O patrimonio natural e cultural como ben e recurso; o seu uso, coidado e conservación.

UD	Título da UD	Duración
6	Viaxamos á Idade Moderna	11

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Utilizar recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura e eficiente, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual, en equipo e en rede.	Usa os recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo.	PE	59
CA1.2 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas sobre o medio natural, social ou cultural, mostrando e mantendo a curiosidade.	Fai preguntas e predicións, mostrando e mantendo a curiosidade.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Realizar experimentos guiados, utilizando diferentes técnicas de indagación e modelos, empregando de forma segura os instrumentos e dispositivos apropiados, realizando observacións e medicións precisas e rexistrándoas correctamente.	Realiza experimentos, utilizando os instrumentos e dispositivos adecuados.		
CA4.1 - Valorar, protexer e mostrar actitudes de conservación e mellora do patrimonio natural e cultural a través de propostas e accións que reflectan compromisos e condutas en favor da sustentabilidade.	Recoñece, protexer e respectar o patrimonio natural e cultural como un ben común.		
CA4.2 - Analizar relacións de causalidade, simultaneidade e sucesión entre diferentes elementos do medio social e cultural desde a Idade Media ata a actualidade, situando cronoloxicamente os feitos.	Utiliza noicións básicas de medida para ordenar cronoloxicamente os feitos.		
CA4.3 - Coñecer persoas, grupos sociais relevantes e formas de vida das sociedades desde a Idade Media ata a actualidade, incorporando a perspectiva de xénero, situándoas cronoloxicamente e identificando trazos significativos sociais en distintas épocas da historia.	Coñece e informar sobre formas de vida, persoas e grupos relevantes do pasado.		
CA1.3 - Buscar, seleccionar e contrastar información, de diferentes fontes seguras e fiables, usando os criterios de fiabilidade de fontes, adquirindo léxico científico básico, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural.	Selecciona información de distintas fontes seguras e fiables, adquirindo o vocabulario científico básico.		
CA2.1 - Identificar e analizar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural a través da indagación utilizando as ferramentas e procesos adecuados.	Analiza as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural.	TI	41
CA2.2 - Establecer conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural, mostrando comprensión das relacións que se establecen.	Establece relacións entre diferentes elementos da contorna natural, social e cultural.		
CA3.4 - Explicar o funcionamento xeral dos órganos de goberno do concello, das comunidades autónomas, do Estado español e da Unión Europea, valorando as súas funcións e a xestión dos servizos públicos para a cidadanía.	Valora os procesos xeográficos, históricos e culturais que configuraron a sociedade actual.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Fomento da curiosidade, da iniciativa, da constancia e do sentido da responsabilidade na realización das diferentes investigacións. - Dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo. A aula virtual. - Estratexias de recollida, almacenamento e representación de datos para facilitar a súa comprensión e análise. - O desenvolvemento sustentable. A actividade humana sobre o espazo e a explotación dos recursos. A actividade económica e a distribución da riqueza: desigualdade social e rexional no mundo e en España. Os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable.

Contidos

- Estilos de vida sustentable: os límites do planeta e o esgotamento de recursos.
- A cultura de paz e non violencia. O pensamento crítico como ferramenta para a análise dos conflitos de intereses. O recoñecemento das vítimas da violencia.
- A organización política. Principais entidades políticas e administrativas da contorna local, provincial e autonómica en Galicia. Sistemas de representación e de participación política.
- Migracións e diversidade cultural. As principais variables demográficas e a súa representación gráfica. Os comportamentos da poboación e a súa evolución. Os movementos migratorios e a apreciación da diversidade cultural. Contraste entre zonas urbanas e de
- Igualdade de xénero e condutas non sexistas. Crítica dos estereotipos e roles nos distintos ámbitos: académico, profesional, social e cultural. Accións para a igualdade efectiva entre mulleres e homes.
- Seguridade viaria. Normas básicas de circulación, sinais de tráfico e marcas viarios. Condutas e hábitos viarios correctos. Causas e grupos de risco nos accidentes de tráfico.
- O tempo histórico na Idade Moderna: os descubrimentos, o Renacemento e o Barroco, duración e feitos históricos, papel representado por suxeitos históricos (individuais e colectivos), acontecementos e procesos.
- As expresións artísticas e culturais medievais, modernas e contemporáneas en Galicia e a súa contextualización histórica desde unha perspectiva de xénero. A función da arte e a cultura no mundo actual.
- O patrimonio natural e cultural como ben e recurso; o seu uso, coidado e conservación.

4.1. Concrecións metodolóxicas

METODOLOXÍA

Desde o punto de vista da metodoloxía, poñerase o foco nos seguintes aspectos:

I. Nunha educación integral orientada a formar persoas

- Indagadoras e analíticas
- Informadas e cultas
- Reflexivas e críticas
- Boas comunicadoras
- Colaboradoras e participativas
- Comprometidas e éticas
- Creativas
- Respectuosas e con mentalidade aberta.

II. No desenvolvemento sostible desde o punto de vista ambiental e social:

- Para educar cidadáns globais, persoas comprometidas consigo mesmas, cos demais e co planeta.
- Todos os elementos débense orientar a que o alumnado reflexione sobre os retos do século XXI e deben contribuír á construción dun mundo mellor.

III. Nun proxecto conectado coa realidade para promover a aprendizaxe competencial. Para iso, cada unidade didáctica organizarase ao redor dunha situación de aprendizaxe, unha experiencia de aprendizaxe (problema, tema, reto) motivadora, real e próxima ao alumnado. As unidades seguirán unha ruta didáctica en catro fases:

- Espertar a curiosidade do alumno e tomar conciencia da situación-problema.
- Aprendizaxe orientada cara aos contidos necesarios e o desenvolvemento das habilidades de pensamento.
- Aplicación do aprendido en tarefas complexas, con forte sentido competencial e actitudinal.
- Consolidación, valoración do aprendido e personalización.

IV. Na aprendizaxe personalizada mediante a flexibilización de adaptacións para que responda á diversidade de realidades educativas.

V. Na avaliación formativa para avaliar todas as fases do proceso educativo, cunha gran diversidade de instrumentos, incluíndo a participación do propio estudante.

VI. No ensino dixital para desenvolver a competencia dixital do alumnado e tamén como ferramenta de ensino e aprendizaxe.

VII. Nun enfoque multidisciplinar e, aínda que cada área ten sentido propio, empregaranse dinámicas

interdisciplinares que contribúan a unha área de aprendizaxe profunda e que permitan interrelacionar saberes e fortalecer as aprendizaxes das áreas instrumentais.

Ao inicio de cada unidade farase un mapa conceptual co fin de que o alumnado coñeza o percorrido dos contidos da unidade.

Ao comezo de cada sesión dedicaremos uns 5 minutos a lembrar ao traballado na/s sesión/s anterior/s mediante preguntas orais.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Aula virtual do centro.
Pantalla dixital.
Xogos interactivos.
Láminas de aula.
Globo Terráqueo
Material do alumnado.
Libro virtual.
Ordenadores da aula de informática.
Mapas e planisferios.
Google Earth.
Liveworksheets.
Biblioteca do centro.

Os xogos interactivos empregaranse como un recurso motivador para reforzar o traballado da aula(Kahoot, Worldwall, Educaplay...)

O alumnado deberá ter o material imprescindible para levar a cabo as tarefas: libro, caderno cadrulado tamaño dinA4, bolígrafos(azul e vermello), lapis, goma, regra, rotuladores, pinturas de cores, estoxo...)

Na biblioteca do centro poderán acceder a información concreta segundo as tarefas que se propoñan. Ademais terán a posibilidade de utilizar nela o "Espazo Maker" dotado con tecnoloxía e algunhas ferramentas para creación de ideas individuais ou grupais.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial realizarase nas primeiras sesións. Os recursos para levala a cabo aplicaranse en dúas vías:

Do grupo da clase:

- Intercambio de información entre equipos docentes sobre o grupo en xeral. Abordaranse todas as peculiaridades do grupo, as interaccións que se producen nel e as dinámicas que funcionaron ben ao longo do tempo. Tamén se incorporarán datos relativos a alumnos con necesidades especiais ou dificultades de aprendizaxe.

- Formulación de dinámicas de grupo para detectar como se relaciona o alumnado entre si e co profesorado. Este punto realizarase mediante a observación directa.

De cada alumno en particular:

- Observación directa do seu traballo e da interacción cos outros.
- Entrevistas.
- Autoavaliación.
- Cuestionarios de avaliación inicial .
- Proba escrita de avaliación inicial.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	16	17	16	18	17	16	100
Proba escrita	52	33	59	53	60	59	53
Táboa de indicadores	48	67	41	47	40	41	47

Criterios de cualificación:

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado será continua, formativa e integradora.

A meirande parte dos criterios de cualificación serán avaliados por proba escrita, o resto farano por diferentes tipos de táboas de indicadores, fundamentalmente por escalas de valoración numérica para a concreción de traballos entregados por un lado, e rexistros de observación por outro.

A nota trimestral no tocante ás unidades didácticas será:

1º trimestre: UD1 50%, UD2 50%

2º trimestre: UD3 50%, UD4 50%

3º trimestre: UD5 50%, UD6 50%

O 100% da nota final obterase do seguinte xeito:

1º trimestre: 34%

2º trimestre: 34%

3º trimestre: 32%

Criterios de recuperación:

O alumnado que precise recuperar, recibirá os apoios necesarios para lograr as aprendizaxes que non acadaron ,con pautas que faciliten a recuperación e o progreso na aprendizaxe.

Tras aplicar as medidas ordinarias suficientes, adecuadas e personalizadas para atender o desfasamento curricular ou as dificultades de aprendizaxe do alumnado, antes de que finalice cada unidade, solicitarase axuda ao Departamento de Orientación co fin de organizar un plan específico de reforzo para que, durante o resto de curso, poida alcanzar o grao de adquisición das competencias correspondentes.

6. Medidas de atención á diversidade

Nesta etapa porase especial énfase na atención individualizada aos alumnos, na realización de diagnósticos precoces e no establecemento de mecanismos de apoio e reforzo.

O principio de heteroxeneidade comporta a existencia de distintos ritmos e niveis de aprendizaxe nunha mesma clase polo que o respecto e a atención á diversidade son fundamentais.

A finalidade de atender á diversidade é garantir un adecuado desenvolvemento do alumnado en función das súas necesidades educativas.

Ao comezo do curso realizaremos unha proba de avaliación inicial que nos permitirá detectar se temos alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

Dependendo do tipo de necesidades poderemos establecer distintas medidas de atención á diversidade como son o reforzo, o apoio ou a adaptación curricular que será deseñada especificamente para cada alumno en coordinación co departamento de orientación e o resto dos docentes que lle imparten clase.

Ao longo das unidades didácticas atenderase á diversidade de todo o alumnado propoñendo actividades non discriminatorias, métodos de carácter compensador, actividades variadas para os diferentes ritmos, instrumentos de avaliación flexibles, ou valores que inclúan a pluralidade do alumnado.

Plantéxanse actividades moi sinxelas, mais manipulativas e visuais para aquel alumnado que teña un ritmo de aprendizaxe máis lento ou que amose dificultades concretas nalgún contido. Tamén se propoñen actividades máis complexas para aquel alumnado que teña un maior ritmo de aprendizaxe ou que posúa aptitudes para ampliar certos contidos.

Para os alumnos con altas capacidades intelectuais ou unhas condicións extraordinarias para a materia facilitarase unhas actividades de ampliación, así como traballos voluntarios.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Tolerancia e compañeirismo.	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Educación para a superación da desigualdade por razón de xénero.	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Competencia dixital.	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Educación para o respecto do medio ambiente.	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Fomento da creatividade.	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Educación para a Paz.	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Comprensión lectora.	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Espresión oral e escrita.	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Fomento do espírito crítico	X	X	X	X	X	X
ET.10 - Fomento do emprendemento.	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.11 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sustentable.	X	X	X	X	X	X
ET.12 - Educación para a saúde(incluída a sexual)	X	X	X	X	X	X
ET.13 - Educación en emocional e en valores.	X	X	X	X	X	X

Observacións:

Estes aspectos estarán presentes en todas as unidades, pero farase máis fincapé cando aparecen na secuenciación dos contidos.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Charla sobre o acoso escolar e ciberacoso.	Levarase a cabo unha charla impartida pola Policía Nacional co fin de sensibilizar ao alumnado dun uso responsable de internet e redes sociais como prevención do acoso e ciberacoso.			
Visita ao Pórtico da Gloria da catedral de Santiago	Vidita cultural guiada ao Pórtico da Gloria			
Ruta polas rúas da zona antiga de Santiago	Coñeceremos o emplazamento das 7 portas da muralla que bordeaba a cidade			
Visita á Plaza de Abastos de Santiago	Coñeceremos como é o comercio e o lugar histórico onde se emplaza			

Observacións:

Estas actividades complementarias buscan proporcionar ao alumnado unas aprendizaxes vivenciadas, empregando recursos non tan habituais. O feito de realizalas fora do entorno habitual de aprendizaxe ou mesmo con outras persoas implicadas, resulta moi motivador e de axuda para consolidar aspectos traballados na aula.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Ofréceselle ao alumnado as explicacións individuais que precisa?
Lógrase motivar ao alumnado?
A temporalización foi adecuada?
As actividades contribúen a que o alumnado acade a autonomía progresivamente?

Hai espazo para a reflexión persoal e grupal sobre o proceso de aprendizaxe?
Préstase atención aos elementos transversais plantexados?
Infórmase ao alumndo dos erros cometidos nas actividades ou probas?
Infórmase ao alumnado dos resultados obtidos nas diferentes probas?
Mantívose contacto coas familias implicándoas no proceso?
Tomáronse medidas para atender ás necesidades educativas específicas?
Préstase atención aos elementos transversais plantexados?

Descrición:

Esta avaliación levarase a cabo en dous momentos: durante a UD e ao remate da mesma. Teñen a finalidade de obter información precisa para garantir unha mellora no proceso de ensino-aprendizaxe.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Toda a programación está suxeita a ser revisada de forma continuada co obxectivo de adaptar o proceso de ensino-aprendizaxe aos diferentes ritmos e necesidades do alumnado.

Durante o desenvolvemento das Unidades Didácticas e ao remate das mesmas, levarase a cabo unha avaliación obxectiva co fin de mellorar os aspectos que se precisen.

Ao remate dos trimestres, valoraranse os resultados académicos obtidos polo alumnado, a información recollida a través dos indicadores de logro e os datos aportados polo equipo de ciclo nas sesións de avaliación, co fin de formular propostas de mellora en todos os aspectos da programación.

9. Outros apartados